

DOCUMENTO DE CONCLUSIÓNS DO I ENCONTRO DE TITORES DE ENFERMARÍA FAMILIAR E COMUNITARIA DE GALICIA

INTRODUCCIÓN

A Asociación Galega de Enfermería Familiar e Comunitaria (AGEFEC) convocou aos titores, responsables docentes e presidentes das Subcomisións de Docencia de tódalas Unidades Docentes de Atención Familiar e Comunitaria de Galicia. Así mesmo abriuse tamén a participación a todos aqueles socios da AGEFEC que estiveran interesados.

O obxectivo principal deste primeiro encontro foi o fomentar a participación, comunicación e intercambio de experiencias sobre a docencia que se está a impartir aos Enfermeiros Especialistas nas distintas Unidades Docentes; así como a creación e organización dun foro no que se intercambien coñecementos, se actualicen informacións e, se procede, unifiquen criterios sobre a docencia dos EIR.

O encontro celebrouse o día 20 de Novembro de 2015 no Hospital Naval de Ferrol. Reuníronse un total de 30 participantes con representación de tódalas Unidades Docentes Multiprofesionais de Atención Familiar e Comunitaria de Galicia.

METODOLOXÍA

O encontro prantexouse a modo de debate no que, nunha primeira parte un representante de cada Unidade Docente facía una breve exposición da situación na súa Unidade para despois dar paso ao debate e conclusións entre tódolos asistentes.

Prantexáronse dous temas a debater, definidos polo Comité Organizador do Encontro, baseándose nos resultados das distintas reunións mantidas, tanto de titores como de residentes, a nivel nacional nos distintos congresos da “Federación de Asociaciones de Enfermería Comunitaria y de Atención Primaria” (FAECAP).

Os dous temas de debate foron:

1) *“Traballo de Investigación”*, no que se expuxeron e debateron as seguintes cuestións:

- ¿Traballo ou proxecto?
- ¿Individual ou en grupo?
- ¿Avaliable ou puro trámite?



- ¿Exposición pública?
- Apoio á investigación: Coñecementos teóricos, supervisión directa. Titores e Residentes.

2) *“Libro do Residente: Competencias e actividades por dispositivo”*, no que se expuxeron e debateron as seguintes cuestións:

- Definición e duración das rotacións. ¿Onde adquirilas?
- ¿Cales son as máis difíciles de adquirires?: Promoción da saúde, educación para a saúde e intervención comunitaria.
- Unificación de criterios en Galicia.
- Avaliación.

CONCLUSIÓNS

Apartado 1: Traballo de investigación.

¿Traballo ou proxecto?

Dentro do programa formativo da especialidade, no que se refire á competencia en Investigación, establece como actividade a realización dun proxecto de investigación. Respecto a este apartado existe unanimidade por parte dos asistentes en que isto non é suficiente e que os residentes de Enfermaría Familiar e Comunitaria deberán realizar a lo menos un traballo de investigación completo ao longo do seu período formativo. O enfermeiro especialista debe adquirir as competencias necesarias en metodoloxía da investigación para poder contribuír a enriquecer o corpo de coñecementos propios da enfermaría comunitaria. Considérase necesario que leve a cabo tódalas fases da investigación para unha adecuada adquisición desta competencia e non quedarse unicamente na realización dun proxecto.

O traballo pode ser unha motivación para o equipo do Centro de Saúde no que esta a formarse o EIR e pode axudar a facer un diagnóstico de saúde da zona de influenza.

¿Individual ou en grupo?

Dado que o obxectivo da realización do traballo de investigación é que o residente desenvolva tódalas fases do proceso de investigación, o prantexamento de facer o traballo de xeito grupal pode supoñer que non tódolos participantes interveñan adecuadamente na realización da totalidade do traballo. Neste sentido prantáxanse dúas posturas por parte dos asistentes: A realización do traballo de xeito individual ou a realización dun traballo no que o residente será o investigador principal e no que pode haber máis colaboradores, pero levando o residente o peso principal da investigación.

Outra posibilidade que se contempla é a realización de traballos de investigación multidisciplinares, sempre e cando o residente participe activamente na investigación na parte correspondente á súa disciplina e non como mero recolledor de datos.

¿Avaliable ou puro trámite?

Os asistentes manifestan que a realización do traballo de investigación durante o período de residencia ademais de ser un requisito obrigatorio debe ter un peso específico á hora da avaliación, premiando de algún xeito a boa calidade dos traballos.

A representante da Unidade Docente Multiprofesional (UDM) de Ferrol, incide que esta especialidade ábrelles a porta para o doutorado, polo que os EIR deben ter adquiridas esa competencia sobradamente.

¿Exposición pública?

Coinciden os participantes en que o traballo de investigación debería expoñerse publicamente por parte dos residentes ben ante a comisión de avaliación, en actos públicos organizados pola Unidade Docente ou en outras actividades científicas (xornadas, congresos, etc). Considerouse que é unha forma de dar visibilidade aos especialistas e poñer e valor o seu traballo ante as Xerencias e outros membros da UDM.

Apoio á investigación.

Neste apartado é no que atopan maiores dificultades o asistentes. Observase una escaseza de medios de apoio aos residentes na súa labor investigadora. En xeral, hai falta de apoio específico ben por inexistencia de referente en investigación na unidade docente ou ben porque naquelas en que existe este referente a súa carga de traballo non lle permite adicar todo o tempo que precisan ós residentes.

Destácase a importancia da figura do titor á hora de orientar e supervisar ao residente na realización do traballo de investigación e póñense de manifesto tamén dificultades que en ocasións lles supoñen ao titores, que non sempre son expertos en investigación. Prantéxase a importancia de favorecer a formación dos titores naquelas áreas nas que se observen carencias, ben plantexando cursos formativos pola propia unidade docente ou en colaboración con outras institucións como pode ser a AGEFEC, FEGAS, Universidade, Consellería de Sanidade, Colexios de Enfermaría...

Coméntase tamén por parte dos asistentes a preocupación de que nun futuro cercano haxa dificultades para atopar titores formados adecuadamente para esta labor, debido ao propio funcionamento do SERGAS (xubilacións, traslados, falta de inserción laboral dos especialistas...).



Apartado 2: Libro do Residente: Competencias e actividades por dispositivo.

Definición e duración das rotacións. ¿Onde adquirilas?

Coméntase a dificultade que supón a inexistencia dun Libro do Residente oficial por parte do Ministerio no que se recollan e unifiquen as competencias a adquirir e as actividades a realizar polos residentes como é o caso dos MIR. Neste sentido as distintas Unidades Docentes fixeron o seu propio libro baseándose no programa oficial da especialidade, coas conseguíntes diferenzas entre unidades docentes que isto supón.

A individualización do Itinerario Formativo é clave para unha formación de calidade dos EIR.

¿Cáles son as máis difíciles de adquirir?: Promoción da saúde, educación para a saúde e intervención comunitaria.

Hai variabilidade en canto ás competencias máis difíciles de adquirir en función das características de cada unidade docente inda que en, xeral, hai coincidencia en que as que resultan máis difíciles de conseguir son as relacionadas coas intervencións Comunitarias.

Outras das referidas como dificultosas foron as intervención con adolescentes e as específicas de atención ao ancián, especialmente ao ancián en situación de fragilidade.

En canto a como abordar esta situación a Unidade Docente de Ferrol compartiu a súa experiencia trala firma dun convenio de colaboración co Concello de Ferrol para que os residentes rotan na área de benestar social. Mediante esta rotación os residentes fixeron diversas intervencións comunitarias de promoción e educación para a saúde con diversos colectivos (adolescentes, anciáns, persoas en risco de exclusión social) e en diversos ámbitos de intervención: Comedores sociais, colexios e institutos, asociación de veciños...

No caso de Ourense, prantexan a firma dun convenio para que os residentes puidesen rotar nas residencias sociosanitarias da Xunta de Galicia para a adquisición das competencias relativas ao ancián fráxil.

Se ben este tipo de iniciativas valóranse como interesantes e enriquecedores para a adquisición das competencias específicas da especialidade,ponse de manifesto a dificultade por parte das Unidades Docentes da firma destes convenios de colaboración, que sería máis doado coa implicación activa da Subdirección Xeral de Investigación, Docencia e Innovación da Consellería de Sanidade.

Recoñécese que as veces resulta difícil motivar aos residentes para o abordaxe destas intervencións comunitarias.



Unificación de criterios en Galicia. Avaliación.

Ponse de manifesto por parte dos asistentes a heteroxeneidade tanto no prantexamento do libro do residente como nos criterios de avaliación entre as distintas unidades docentes. Conclúese que sería necesario unificar criterios de mínimos por parte da Subdirección Xeral de Investigación, Docencia e Innovación da Consellería de Sanidade, en canto a criterios de avaliación e número de horas teóricas e incluso nas actividades formativas obrigatorias (por exemplo curso da NANDA NIC NOC centralizado).